

# CÓMPRENSE 500 ANOS DA MORTE DE LEONARDO DA VINCI

Leonardo da Vinci (Vinci -Italia-, 15 de Abril de 1422 - Amboise -Francia-, 2 de Maio de 1519) foi un xenio do Renacemento cun enorme talento nas máis diversas disciplinas, sendo case sempre autodidacta. A súa curiosidade infinita levoulle a ser, entre outras cousas, pintor, anatomista, arquitecto, botánico, científico, escritor, escultor, filósofo, humanista, enxeñeiro, inventor, poeta e urbanista.

Despois de pasar a infancia na súa cidade natal, Leonardo estudou co pintor florentino Andrea Verrocchio. Os seus primeiros traballos de importancia foron creados en Milán ao servizo do duque Ludovico Sforza. Despois traballou en Roma, Bolonia e Venecia e pasou os últimos anos da súa vida en Francia, invitado polo rei Francisco I.

**C**oma científico, Leonardo fixo increíbles progresos no coñecemento dos campos da anatomía, da enxeñaría civil, da óptica ou da hidrodinámica. Como enxeñeiro e inventor, desenvolveu ideas moi adiantadas ao seu tempo: o helicóptero, o tanque de guerra, o submarino, a calculadora e o coche (moitas veces baseados en inventos doutros) aínda que moi poucos dos seus proxectos chegaron a seren construídos.

**P**orén, quizais a súa faceta máis coñecida foi a de pintor, con obras tan famosas como “A Gioconda” e “A Última Cea”. Con todo, poucas das súas pinturas son coñecidas, por mor dos seus experimentos constantes con novas técnicas (moitas veces desastrosos) e á súa inconstancia crónica.

**M**oitas das súas ideas, estudos e invencións os recolleu en cadernos con máis de 13.000 páxinas de debuxos, diagramas científicos e reflexións que demostran que os seus estudos de ciencias e enxeñería son tan impresionantes e innovadores como o seu traballo artístico.

**E**stes cadernos están escritos principalmente con escritura especular ("en espello"), posiblemente debido a razóns prácticas (xa que escribía preferiblemente coa man esquerda) e non para ocultar os seus estudos.

**A**s súas notas e debuxos amosan unha gran variedade de intereses e preocupacións: bosquexos para pinturas, estudos sobre expresións faciais, anatomía de animais, diseccións, estudos de botánica e xeoloxía, máquinas de guerra, máquinas voadoras e obras arquitectónicas, pero tamén cousas máis mundanas coma listas da compra ou préstamos de cartos.

**F**ixo moitos debuxos sobre anatomía humana, ósos, músculos e tendóns, o corazón, o sistema reprodutivo e outros órganos internos, para o que disecou cadáveres en hospitais e cemiterios.

**O**s seus estudos sobre o voo das aves ou o movemento da auga son moi notables, aínda que quizais o deseño máis famoso sexa o seu debuxo do Home Vitruviano.

**N**on coñecemos a razón pola que non se publicaron durante a vida de Leonardo, aínda que se pensa que podería ser porque a sociedade do seu tempo, e moi especialmente a Igrexa católica, non estaba preparada para eles.

**BOTA UNHA OLLADA AOS LIBROS**

**SOBRE LEONARDO DA NOSA**

**BIBLIOTECA!!!**